



Francisco López-Barxas

FRANCISCO LÓPEZ-BARXAS

Ponte Barxas, Padrenda, 1952

É xornalista, escritor e crítico literario. Licenciado en Literatura Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid, ten colaborado desde 1978 en numerosos medios de comunicación, prensa e revistas literarias de ámbi-

to nacional. Foi Director de *Xornal Diario* en Pontevedra (1991-92), Xefe de Prensa do Consorcio de Santiago (1993-97), Xefe de Prensa e de Gabinete da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia (1998-2000) e Redactor Xefe de Informativos da TVG. Tamén foi Director Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, así como

Director Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (2009-2012). Na actualidade desempeña o seu labor como Asesor de Gabinete da Secretaría Xeral de Cultura. É autor de diversas publicacións literarias, edicións críticas e libros ilustrados de temática infantil e xuvenil.

HOMENAXE

a Celso Emilio Ferreiro

FRANCISCO LÓPEZ-BARXAS
Intervención en Celanova,
na entrega do XXVII Premio
«Celanova, Casa dos Poetas»
4-9-2011

Non direi nada novo se digo que nos últimos trinta anos vivimos en Galicia e no mundo infinitos cambios. Pasamos dunha realidade que aínda debía expresarse a una identidade completa, cun desenvolvemento que, alá por 1980, quizais nin nos atrevésemos a soñar: un goberno propio, unha lingua oficial, unha sociedade desenvolvida, que ocupa o seu espazo no mundo contemporáneo, unha creación artística e intelectual con voz propia e unha consciencia de que todo o que algunha vez soñaron os nosos vellos galeguistas ten sentido e materializouse na realidade.

Visto dun xeito superficial pode parecer-nos un xogo intrascendente e demasiado repetido, pero, se imos un pouco máis alá do máis evidente, podemos ver que aqueles visionarios, aqueles loitadores que seguían un camiño de certezas e aqueles homes e mulleres que deitaban a palabra do noso discurso colectivo, ou que a acollían en si mesmos para difundila de boca en boca, acabaron por ver a desembocadura dun río inmenso.

No tempo presente únense os seres anónimos aos grandes artífices da nosa identidade; as familias que percorreron os séculos e que tomaron sen sabelo a referencia dos trobadores medievais, do Mestre Mateo, do Padre Sarmiento, de Rosalía, de Curros, de Pondal ou de Celso Emilio Ferreiro; dos maravillosos canteiros do románico, do gótico e do barroco aos artistas imparables da última centuria; dos pensadores da galeguidade aos cidadáns que hoxe se expresan, cos seus erros e os seus acertos, a través dun parlamento propio, duns órganos de xestión propios e dunha verdade felizmente acadada, como proba de que todo aquilo que soñamos acaba por cumprirse.

Hoxe vimos aquí chamados por unha desas grandes voces, que se atreveu a soñar en voz alta e a entregarse a unha causa que non chegou a albiscar por moi pouco.

Estamos ante un home, Celso Emilio Ferreiro, que puxo palabras moi precisas a sentimentos inmensos, que non soamente as galegas e os galegos podemos sentir como propios, nun sentido que nos une a través

Estamos ante un home, Celso Emilio Ferreiro, que puxo palabras moi precisas a sentimentos inmensos, que non soamente as galegas e os galegos podemos sentir como propios, senón que valen para todas as culturas.

**Lembro o último
Celso Emilio. O
home respectado
e admirado; o
inmenso poeta
que lle puxera
palabras á longa
noite de pedra
que acababa de
rematar, que
miraba desde
detrás dos seus
lentes grosos
coa sabedoría de
séculos de vida,
que irrompía
nos faladoiros
dos cafés cunha
frase lapidaria,
ou, máis
frecuentemente,
cun torpedo de
retranca á liña
de flotación de
calquera actitude
ou pensamento
que lle resultase
contrario á súa
forma de entender
as relacións
humanas.**

das formas de vernos os uns aos outros, das ideoloxías, das filosofías existenciais e das nosas expectativas individuais na gran mensaxe colectiva, senón que valen para todas as culturas e todas as miradas do mundo globalizado, na súa necesidade do diverso, da riqueza de encontrarnos a través do que achegamos desde os distintos planos dese prisma inmenso que habitamos na era da comunicación e do intercambio.

Aquel Celso Emilio que viamos hai trinta anos como un líder difícil de clasificar e de encaixar, pouco dado aos movementos gregarios, pero absolutamente transparente á hora de nos dotar de contido no que levabamos tanto tempo a buscar, agora, no ano 2011, aparécenos como un inmenso poeta, que medra máis alá dos obxectivos cumpridos e das manobras de alcance limitado desde as que o contemplabamos noutro tempo.

Tamén alá estaba a súa magnitude como forxador da gran poesía universal; tamén alá estaba a súa sensibilidade, a súa retranca, o seu inconformismo e a súa procura do verdadeiramente fiable e sólido respecto da construción da súa terra, do seu país, da súa Galicia.

Para os que tivemos a sorte de tratalo persoalmente (aínda que fora na última etapa da súa vida) xa estaba hai trinta anos o seu sentido solidario, ese irmán que se encontra 'alá lonxe', para o que vai a súa man; estaba a súa retranca transformadora dunha sociedade que debía dar e recibir máis, respecto dos individuos que a formabamos, ese 'feito de gran rareza', sucedido en Galicia, 'que foi parir un rapaz/e tamén unha maleta', co que viña pedir posibilidades de realización individual e colectiva no espazo xeográfico no que nacemos; e estaba tamén a súa inmensa sensibilidade de home cargado de amor, que se dirixe á súa Moraima cuns versos que ao longo das décadas repetimos tantas veces, e que xa forman un mantra sagrado para todos os que os descubrimos algunha vez, para lle darmos contido ás nosas propias emocións.

A min cóubome a impagable fortuna de acompañalo nalgúns momentos naquel Madrid galeguista de finais dos 70. Alá xuntabámonos artistas, escritores, pensadores, galegas e galegos xa cunha sensación de que a onda medrara o suficiente como para levarnos ao destino dexergado desde tanto tempo atrás.

Naquel punto circulaba entre nós aínda un fermoso vento volteriano ou xacobino, que lembro con saudade polo que tiña de inxenuo e de auténtico, e que debía conducirnos forzosamente a unha mirada máis pragmática e realista, unha vez retiradas as estadas da obra. Tiñamos os nosos ideais intactos, fermosos, aínda que tamén –xusto me parece recoñecelo– unha certa alucinación tácita de que a liberdade consistía en que, nalgúns aspectos, se nos recoñecese individualmente a posesión da verdade absoluta.

Por sorte, o tempo acabou por demostrarnos que, no plano intelectual, estamos sempre ao pé da escaleira, e os anos déronnos a evidencia de que vivimos nunha espléndida ignorancia das certezas inmutables, para podermos chegar á sorpresa de espertar cada día a unha realidade máis rica e máis ampla.

Daqueles tempos lembro o último Celso Emilio. O home respectado e admirado; o inmenso poeta que lle puxera palabras á *longa noite de pedra* que acababa de rematar, que miraba desde detrás dos seus lentes grosos coa sabedoría de séculos de vida, que irrompía nos faladoiros dos cafés cunha frase lapidaria, ou, máis frecuentemente, cun torpedo de retranca á liña de flotación de calquera actitude ou pensamento que lle resultase contrario á súa forma de entender as relacións humanas.

Un home tremendamente acolledor para nós, case rapaces que nos criamos xa definitivamente formados e con autoridade abonda como para sentar cátedra fóra, co recibido del, e aos que aínda nos queda un

bo camiño para chegar á auténtica sabedoría da humildade, que algún día tamén tocaremos cos dedos, se a paciencia nos acompaña para redimir os nosos erros.

Tamén, ás veces, un home de aspereza envolta nunha capacidade dialéctica e retórica impresionantes, que vai ao país dos ananos e regresa cunha infinidade de monicreques tumbados por un discurso poético extraordinario, ou que descarga o don da palabra coma un látego sobre aquilo que lle soa a falso, a miserable ou a caduco.

Así o sentiamos naqueles anos de mutacións e de soños, e así o sentín eu, cando comparíamos o aroma do café ou o olor invernal dos refuxios públicos que Madrid nos ofrecía, para trenzar unha corda máis da galegitude, arredor daquel home excepcional.

A través deses círculos, e das relacións estreitas que mantiñamos, cheguei unha tarde a noticia da súa morte. Era un 30 de agosto de 1979, hai agora 32 anos. Despois do gran sentimento de perda, decateime de que estaba ante un momento histórico para Galicia e para a expresión poética, máis alá de linguas e de fronteiras artificiais, e vinme impulsado a deixar constancia durable a través dos medios ao meu alcance.

Daquela colaboraba eu, entre outras publicacións, en *Ozono*, unha revista das que fixeron unha parte importante do camiño á liberdade. Tiña unha gran repercusión entre a intelectualidade e entre aquela cada vez máis nutrida masa de cidadás que querían un estado moderno, eficaz e que expresase a vontade das persoas; tamén, loxicamente, entre os círculos vencellados á expresión artística e literaria e entre todos aqueles que achegaban novos materiais para un cambio real, que superase o peso dun longo pasado.

Esa tardiña, trala noticia da morte do noso poeta, chamei ao director, e conteille que Celso Emilio Ferreiro, o gran poeta da nosa terra, acababa de falecer. Pedinlle que no

seguinte número da revista aparecese a noticia, e que lle dese a extensión que merecía.

El respondeume que o número acaba de entrar na imprenta, e que estaba previsto que saíse nos seguintes días; non obstante, co seu magnífico olfacto periodístico, comprendeu que se trataba de algo excepcional, e tivo a suficiente flexibilidade como para cambiar os plans e pór a publicación ao servizo da actualidade.

–Se me tes o artigo mañá pola mañá, paro a edición e metémolo –dixérame.

Eu, por suposto, aceptei decontado. Non sabía como me había apañar, nin que había dicir, pero iso non tiña a menor importancia. Dispuña de toda a noite por diante, e sabía que, con máis ou menos traballo, as palabras virían ao meu encontro, para lle facer esa ofrenda ao home e ao poeta que tanto admiraba.

Sentei á máquina de escribir e púxenme mans á obra. Non sei se me deron as tres da mañá ou máis; estaba absorto no que facía, e só me importaba chegar a tempo, para que as cousas estivesen no seu lugar. Deiteime, durmín aínda coa noticia a dar voltas na cabeza e, cando soou o despertador, non pensei noutra cousa máis ca en levar o meu traballo á redacción, onde xa o seu director dera a orde de que o acollesen e completasen con el o novo número da revista.

Sáiron tres páxinas completas abrindo a sección de Cultura da revista nas que, baixo o título de “Larga noche de muerte”, quedaba reflectida a perda, a semblanza biográfica e os aspectos máis salientables dun Celso Emilio Ferreiro que se retiraba, logo de marcar unha época para Galicia e de darlle ao mundo a súa gran contribución creativa. Unha contribución que cada día se fai máis grande, e á que aínda lle queda camiño para expresar todo o que leva dentro. Moitas grazas.

A través deses círculos, e das relacións estreitas que mantiñamos, cheguei unha tarde a noticia da súa morte. Era un 30 de agosto de 1979, hai agora 32 anos. Despois do gran sentimento de perda, decateime de que estaba ante un momento histórico para Galicia e para a expresión poética.